bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
Teo

## ESTIPULACIÓNS

*PRIMEIRA*.- O IGVS acometerá as actuacións necesarias para á construción dun centro de día e vivendas de promoción pública en réxime de alugueiro no terreo situado no lugar das Galanas- Balcaide do Concello.

*SEGUNDA*.- Para a consecución das citadas actuacións o Concello acordou, na sesión plenaria da corporación celebrada o 6 de xullo de 2007, a cesión gratuíta ao IGVS (Consellería de Vivenda e Solo, Xunta de Galicia) dunha parcela do patrimonio municipal do solo situada no SUD-12 no lugar de Galanas-Balcaide, coa condición de que se destine á construción dun centro de día e a vivendas de protección en réxime de alugueiro e que a citada actuación se desenvolva nun prazo límite de cinco anos, a contar dende a adopción do acordo de cesión por parte deste Concello.

E en proba de conformidade asinan o presente protocolo no lugar e data arriba indicados.

| POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO<br>A Presidenta | POLO CONCELLO DE TEO<br>O Alcalde |
| --- | --- |
| Teresa Táboas Veleiro | Martiño Noriega Sánchez |